



Concello de Xinzo de Limia

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2023/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL E ELECCIÓN DE ALCALDE»
Data	17 de xuño de 2023
Duración	Desde as 13:00 ata as 13:27 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello
Presidida por	CARLOS GOMEZ SALGADO
Secretario	Marta María Gómez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34985977X	ANTONIO FERNANDEZ VEIGA	SÍ
34997410N	Amador Diaz Penin	SÍ
76730752S	CAMILO VILA GARCIA	SÍ
34729730Y	CARLOS GOMEZ SALGADO	SÍ
44481550X	CRISTINA CAMPERO DORADO	SÍ
76726643T	Carlos López Montero	SÍ
34995266F	MANUEL POZO FARIÑAS	SÍ
34953793A	MARIA DE LOS ANGELES MARTINEZ MARRA	SÍ
34954787P	RAMON GOMEZ SALGADO	SÍ
76709485T	RICARDO SIEIRO OPAZO	SÍ





Concello de Xinzo de Limia

44459813P	Rafael Penabad Gonzalez	SÍ
44485126K	VICTOR RODRÍGUEZ AVILÉS	SÍ
34944140X	elvira LAMA fernandez	SÍ

Asiste a Interventora **Esther Testa Portomeñe** e o informático municipal **Jorge Luís Gómez Yáñez**.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 3534/2023. CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL E ELECCIÓN DE ALCALDE:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

SECRETARIA: «Bos días, a presente sesión ten por obxecto proceder á constitución da nova Corporación e á elección do/a Alcalde/sa neste Concello á vista dos resultados producidos o pasado 28 de maio, nas eleccións municipais. O procedemento de constitución da Corporación de conformidade co disposto pola lexislación electoral vixente, artigo 195 da LOREG,36 e 37 do ROF, supón a realización das seguintes operacións:

1. Constitución da Mesa de Idade formada polos/as Sres./as. Concelleiros/as electos/as de maior e menor idade, actuando como Secretaria o da Corporación.
2. Acreditación dos/as Sres./as. Concelleiros/as electos/as ante a Mesa de Idade, mediante a credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona e o seu DNI.
3. Xuramento ou promesa do cargo de Concelleiro/a mediante a fórmula legalmente prevista de acatamento da Constitución Española.
4. Dar conta da Acta de Arqueo extraordinario e da comprobación do Inventario de Bens e dereitos da Corporación.
5. Elección de Alcalde/sa.
6. Xuramento Alcalde designado.

1) CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE

Xa no estrado atópase situado o Sr. Concelleiro de maior idade, **D. Carlos Gómez Salgado** (24/10/1960: 62 anos) e a Sra. Concelleira de menor idade, **Dona Cristina Campero Dorado** (02/07/1992: 30 anos), asumindo a presidencia da Mesa o 1º deles. PRESIDENTE DA MESA: «Bos días. Declárase aberta a sesión para a constitución da Corporación Municipal do Concello de Xinzo de Limia ».

2) ACREDITACIÓN DOS/AS SRES./AS. CONCELLEIROS/AS ELECTOS/AS ANTE A MESA DE IDADE

Comprobadas as credenciais presentadas ou acreditacións de personalidade dos/as





Concello de Xinzo de Limia

electos/as en base á certificación achegada pola Xunta Electoral de Zona e indicando a Secretaria que se comprobou que a totalidade dos/as Sres/as. Concelleiros/as electos/as formularon e presentaron na Secretaría do Concello as declaracións referidas no artigo 75.5 da LBRL sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, e declaración sobre os bens patrimoniais, e que as citadas declaracións aparecen asinadas polos/as interesados/as e pola Secretaria da Corporación na súa función de fedatario público, polo que a súa sinatura non fai referencia á veracidade do declarado por aqueles.compróbase o número de asistentes e dado que concorre a maioría absoluta dos/as Sres./as. Concelleiros/as electos/as, queda constituída a sesión, anunciándose polo Presidente acto seguido: «Existe quórum suficiente para a celebración da sesión».

3) FORMULACIÓN DO XURAMENTO OU PROMESA DE ACATAR A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA.

PRESIDENTE DA MESA DE IDADE.- Procédese á formulación do xuramento ou promesa de acatamento da Constitución Española legalmente esixido, polo que se solicita á Secretaria que proceda á lectura da fórmula legal do xuramento ou promesa establecida no artigo 1 do Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, léndoa a continuación, de forma individualizada os nomes de todos os/as Concelleiros/as electos/as, aos efectos de que respondan: «Si, o xuro» ou ben,«Si, o prometo».

SECRETARIA.- «Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro/a do Concello de Xinzo de Limia, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

Noméanse a continuación a cada un/unha dos/as Sres./as. Concelleiros/as electos/as, que van respostando, na orde en que figura na certificación expedida pola Xunta Electoral de Zona, e en último lugar os membros da Mesa de Idade, quenes xuran ou promenten segundo a continuación se indica:

<u>Elvira Lama Fernández (PSdeG-PSOE) Promete.</u>
<u>Rafael Penabad González (PSdeG-PSOE) Promete.</u>
<u>Víctor Rodríguez Avilés (PSdeG-PSOE) Promete.</u>
<u>Carlos López Montero (PSdeG-PSOE) Promete.</u>
<u>Antonio Fernández Veiga (PP) Xura.</u>
<u>Ricardo Sieiro Opazo (PP) Promete.</u>
<u>Amador Díaz Penín (ÁXIL) Promete.</u>
<u>Ramón Gómez Salgado (ÁXIL) Promete.</u>





Concello de Xinzo de Limia

M^a Ángeles Martínez Marra (ÁXIL) Promete.

Camilo Vila García (BNG) Promete por imperativo legal. Promete defender os intereses da veciñanza de Xinzo e o pobo galego .

Manuel Pozo Fariñas (BNG) Promete por imperativo legal. Promete defender os intereses da veciñanza de Xinzo de Limia e o pobo galego.

Cristina Campero Dorado (PP) Promete.

Carlos Gómez Salgado (PP) Promete.

PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: «Queda constituída a nova Corporación do Concello de Xinzo de Limia».

4) DAR CONTA DA ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIO E DA COMPROBACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DA CORPORACIÓN.

A Sra. **Secretaria** indica que todos os asistentes teñen a acta de arqueo extraordinario realizado con motivo da constitución da Corporación que ten data do día 16/06/2023 no seu poder. En canto a documentación relativa ao Inventario do Patrimonio Municipal, carece de reflexo actualizado.

5) ELECCIÓN DO ALCALDE

A continuación, procederase á elección do Alcalde-Presidente do Concello, segundo o procedemento que pasará a explicar a Secretaria.

SECRETARIA.- *«O procedemento para a elección do Alcalde ven establecido no artigo 196 da LOREG, sendo escollido Alcalde o/a candidato/a que obteña a maioría absoluta na primeira votación ou, no seu defecto, o/a candidato/a que encabece a lista mais votada. No suposto de empate resolverase por sorteo. A maioría absoluta refírese ao número legal dos/as Concelleiros/as que integran a Corporación, non ao número de Concelleiros/as presentes na sesión constitutiva. Poderán ser candidatos todos/as os/as Concelleiros/as que encabecen as súas correspondentes listas»*

PRESIDENTE DA MESA DE IDADE.- Formula aos/ás presentes a seguinte pregunta: «¿Que Concelleiros/as que encabezan as súas correspondentes listas presentan candidatura?»

«Quedan proclamadas as seguintes candidaturas:

* **D^a Elvira Lama Fernández (PSdeG-PSOE).**

* **D. Amador Díaz Penín (AXIL).**

Tras a proclamación dos/as candidatos/as, o Presidente da Mesa somete a votación o procedemento para a elección de alcalde, co resultado seguinte.

6 votos a favor de que se realice votación secreta.

7 votos a favor de que se realice votación ordinaria.





Concello de Xinzo de Limia

Seguidamente, celébrase a votación ordinaria de elección de Alcalde co seguinte resultado:

- **Votos a favor de D^a Elvira Lama Fernández (PSdeG-PSOE): 6 votos**
- **Votos a favor de Amador Díaz Penín (AXIL): 7 votos**

En consecuencia, sendo 13 o número de Concelleiros e 7 a **maioría absoluta legal**, resulta proclamado Alcalde do Concello de Xinzo de Limia, **Don Amador Díaz Penín**, cabeza de lista do partido ÁXIL.

6) XURAMENTO DO CARGO POR PARTE DO SR. ALCALDE.

O Sr. Alcalde acepta o cargo e, a continuación o Presidente da mesa de idade *procede á lectura da fórmula do xuramento:*

«Xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Xinzo de Limia, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

O Sr. Alcalde presta xuramento ou promesa: **«Si, o prometo».**

Realizado o xuramento, o Presidente da Mesa de Idade faille entrega dos atributos do seu cargo, “bastón de mando”, pasando a ocupar a presidencia da Sala e disolvéndose a Mesa de Idade.

En último lugar, toma a palabra o Sr. Alcalde que dirixe unhas verbas aos veciños, no seguinte senso:

“Sras e Sres, Autoridades e representacións, medios de comunicación, Limiás e limiáns: En primeiro lugar quero dar as grazas. Grazas pola confianza que depositastes en min e polo apoio constante desde que decidín dar este importante paso.

Por iso, gustaríame empezar esta legislatura agradecendo a oportunidade de encabezar o novo equipo que dirixirá o concello de Xinzo. O meu pobo. De representar aos meus veciños e de sentirme, unha vez máis, arroupado por este pequeno recuncho de Galicia. Grazas de corazón.

Empezaba contándovos que hai 1483 días empecei xunto a algún de vós un proxecto cargado de ilusión e entusiasmo por converter Xinzo nun mellor lugar para nacer, para formar unha familia e como non, para quedar. Este proxecto, que empezaba hai 4 anos, contou desde o primeiro momento coa confianza de moitos de vos.

Unha confianza que crece á vez que o fai o noso compromiso e a nosa responsabilidade para dar o mellor de todas e cada unha das persoas que compoñemos este gran equipo.

Aínda que soa a tópico, equipo sen o cal isto non sería posible. A eles tamén quero agradecerlles a súa forza, a súa entrega, a súa dedicación e sobre todo o seu amor por Xinzo.

Espero estar á altura, porque teño a sorte de contar cun equipo marabilloso ao meu lado. Un equipo que comparte comigo o entusiasmo de querer cambiar as cousas, con ideas renovadas encamiñadas a mellorar o noso pobo.

Moncho, o meu gran piar. María Ángeles traballadora incansable. E ao resto da agrupación, GRAZAS é un pracer, un auténtico pracer tervos neste equipo!!

Ao grupo do PP darlle as grazas polo apoio, e ao resto de concelleiros da





Concello de Xinzo de Limia

corporación, dicirilles que espero e desexo que a partir de hoxe traballemos con máis harmonía polo ben de Xinzo.

Pero non só quero lembrar aos que a día de hoxe forman parte deste gran equipo, senón tamén a todos aqueles con quen tiveren o inmenso pracer de compartir actos, reunións e ideas. Moi especialmente a todas as traballadoras e traballadores do concello, sen os cales non sería tan fácil o día a día durante estes catro anos e aos que vos debo tanto.

Ás miñas amigas e amigos, grazas por estar sempre aí. A miña familia, Isa, a miña muller, as miñas fillas, perdoádeme polas ausencias e grazas por todo, sodes o motor da miña vida.

Para min, a etapa como concelleiro foi moi enriquecedora. Axudoume a crecer, a compartir e a escoitar a todos os veciños, a implicarme nas súas ideas e a tratar de facilitarlles dentro das miñas posibilidades todo aquilo que necesitaban. E iso é o que quero que non cambie. Quero que o Concello sexa un espazo aberto, de diálogo e de unión.

A todos os veciños, especialmente a aqueles cos que compartín tanto e axudáronme a comprender a esencia de dedicarse aos demais e a representar con tanto orgullo ao meu pobo. Perdoádeme polos erros que cometese e dicirvos que a partir de hoxe comeza unha nova etapa que afronto con forza e ilusión.

Grazas unha vez máis. Cambio de despacho, pero non de forma de entender que o primeiro son as persoas que temos a sorte de vivir aquí. Tédesme á vosa enteira disposición.

A política do pacto e a política do acordo, a que hoxe visualízase aquí coa miña investidura dá que considero máis alta honra política: presidir o concello de Xinzo.

Serei o alcalde de todos.

Un obxectivo: un mellor Xinzo.

Falar de Xinzo é falar de futuro. Das inmensas posibilidades dun territorio que demostrou a súa capacidade para situarse como referente en todos os seus ámbitos.

O Xinzo capital agraria de Galicia, o Xinzo do Entroido, o Xinzo da cultura, o Xinzo do deporte, o Xinzo tecnolóxico con varias empresas punteiras como referencia, o Xinzo do talento, o Xinzo que recupera as súas tradicións, o Xinzo aberto e acolledor que todos coñecemos.

Cervantes puxo en palabras de Don Quixote:

“Hoy es el día más hermoso de nuestra vida, querido Sancho; los obstáculos más grandes, nuestras propias indecisiones; nuestro enemigo más fuerte, el miedo al poderoso y a nosotros mismos; la cosa más fácil, equivocarnos; la más destructiva, la mentira y el egoísmo; la peor derrota, el desaliento; los defectos más peligrosos, la soberbia y el rencor; las sensaciones más gratas, la buena conciencia, el esfuerzo para ser mejores sin ser perfectos, y sobre todo, la disposición para hacer el bien y combatir la injusticia dónde quiera que esté”.

Eu non entendo a política como unha aventura persoal. Eu creo no “nós”. En “nós”. Sempre en primeira persoa do plural. A política é pensar como mellorar as cousas e melloralas. Pensar e facer o que se pensa.

E facer política en Xinzo e para Xinzo é un reto que todos, sen excepcións, debemos afrontar xuntos. Unha dinámica obrigada. Un compromiso co noso pobo e coa nosa





Concello de Xinzo de Limia

terra.

Sen dúbida, hoxe é un día “fermoso” na miña vida e nas dos que me acompañan nesta nova andaina, e temos que sentirnos como o ilustre fidalgo, consciente das dificultades, pero tamén consciente de cal é a nosa tarefa.

Debemos poñer todo o noso empeño en facer de Xinzo un lugar mellor.

Nós non nos conformamos. Convosco camiñando ao noso lado, Xinzo será sempre modelo de benestar e desenvolvemento. É o momento da POLÍTICA con maiúsculas. Desa política que se fai entre todos para que perdure.

Veciñas e veciños. A maior das honras que un cidadán pode alcanzar é poñer ao servizo da súa comunidade o seu compromiso e o seu esforzo por todos e para todos, desde a confianza que estes nos outorgan.

Por iso, con honra e con orgullo recibo a responsabilidade de ser o voso Alcalde. De ser quen representará ao longo do próximos catro anos aos veciños e veciñas de Xinzo.

Traballarei para liderar o proxecto colectivo que é Xinzo, e farémolo escoitando a todos e a todas, estando á beira das persoas, dos seus problemas, da súa xente.

Termino reiterando o meu profundo agradecemento pola confianza que me depositastes de ser 4 anos o voso alcalde.

Seguirei dando boa conta do traballo diario á fronte deste consistorio, xa que sempre entendín que os verdadeiros protagonistas son os veciños e veciñas, aos que quero enviar un forte abrazo.

Sras e Sres, Amo Xinzo.

Moi agradecido pola vosa atención.

Comeza o quadrienio político 2023-2027 no goberno do concello de Xinzo de Limia.

Que viva Xinzo!!! ”

Finalizada a sesión faise constar que se entregou a tódolos cabeza de lista das distintas candidaturas, modelo para a constitución de grupos políticos, do seguinte teor literal:

CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

O artigo 73.3 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local (LBRL) e 23.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), imponen aos membros das Corporacións Locais a obriga de constituírse en GRUPOS POLÍTICOS para os efectos da súa actuación corporativa,

Para tal efecto, o artigo 24.1 do ROF, regula que cada grupo político se constituirá mediante escrito dirixido ao Presidente da Corporación, asinado polos membros da mesma que desexen integralo, no que expresen a súa vontade de formar parte deste; a súa denominación; o nome do seu voceiro e de quen, se é o caso, poida substituílo (suplente). O escrito deberá presentarse na Secretaría do Concello dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación e, en todo caso, antes da convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno para determinar a organización e funcionamento municipal que determina o artigo 38 do ROF. Da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e voceiros, o Presidente dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre tras cumprirse o prazo previsto no citado artigo 24.1 do ROF.

É importante sinalar, asemade, que segundo a Lei 5/1997, de 22 de julio, reguladora





Concello de Xinzo de Limia

da Administración Local de Galicia, art 74.4:

"Integraranse, en todo caso, no grupo mixto os membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non tivesen obtido un mínimo de dous escaños. No suposto de que non existise grupo mixto, este quedará constituído polo membro do partido político, federación, coalición ou agrupación que obtivese un só escano".

O escrito de comunicación da constitución dos grupos políticos; denominación deste, se é o caso; integración e voceiros, podería ser o seguinte:

D _____, D _____,
D _____ etc.

Concelleiros deste Concello de _____, elixidos nas ELECCIÓNS LOCAIS DE XUÑO DE 2023 pola formación política _____, para dar cumprimento ao disposto no artigo 24 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), comunican á Presidencia desta Corporación a súa constitución como grupo político municipal, coa denominación de Grupo Municipal _____.

De igual forma poñen no seu coñecemento que por acordo adoptado polas persoas que conforman este grupo se designa como Voceiro do Grupo a D _____ e como Voceiro-suplente deste a D _____

En _____ a ____ de _____ 2023.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

